

Día Mundial dos Humidais, 2015

Un ano máis, dende o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo celebramos o Día Mundial dos Humidais (2 de febreiro) con unha saída á Ría realizada cos alumnos de 4º ESO de bioloxía acompañados polas profesoras Áurea Parcero e Susi Besteiro.

Nas distintas paradas que fixemos puidemos observar un bo número de aves invernantes grazas ós prismáticos e o telescopio: empezamos na Lieira onde nos deron a benvinda 4 espátulas e 2 garzas reais que se estaban alimentando na beira da auga. Un pouco máis adentro había dúas bandadas de pato asubión e alavanco real.

Correteando polo fango había moitas limícolas: zarapitos e correlimos que aproveitaban o tempo para comer antes de que a marea cubriese toda a enseada na que puidemos observar as pradeiras de Zostera ou Herba do mar. Tamén había nos illotes da Lieira cormoráns e garcetas e nos illotes que están antes de Castropol un gran número de garzas, garcetas, espátulas e cormoráns descansando.

Seguimos ata o Porto de Castropol dende onde vimos outro grupo grande de cormoráns e gaivotas (inmaduras e adultos) que estaban no pouco que xa quedaba de Tesón.

Respecto á vexetación, fixémonos tamén que a partir da Enseada do Tarrón, en Vilavedelle, comezan a aparecer as masas de xuncos subhalófilos e a partir de Porto, onde a ría adopta un trazado meandriforme, os primeiros carrizais ou canaveirais

Aínda nos quedaban por ver numerosos patos asubións e rabudos que estaban por Reme pero bastante lonxe da beira e xa para rematar, no observatorio da marxe galega estaba agardando para despedirnos Panchita, a aguia pescadora que por cuarto ano temos na ría.

En fin, media mañá de clase un pouco distinta pero cun obxectivo claro: **coñecer o noso entorno para así aprender a valoralo e respectalo.** Cremos que moitos dos nosos alumnos xa teñen un pouco máis claro que é un privilexio vivir ó pé da Ría, que para todos nós é un importante patrimonio e que CONSERVALA, É COUSA DE TODOS.